

**Informe de legalidade sobre o proxecto de decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

**INFORME**

**1. Marco normativo e competencial**

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula no capítulo IV do seu título V a selección e o nomeamento das direccións dos centros docentes públicos. Esta lei prevé que a selección das direccións se realice mediante un concurso no que se garantan os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.



Neste senso, despois de establecer que a selección e nomeamento das direccións dos centros docentes públicos se efectuará mediante concurso de méritos entre persoal funcionario de carreira que imparta algunha das ensinanzas encomendadas ao centro, de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, a lei recolle os seguintes cambios en relación coa Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa:

No artigo 1341.c) substitúese entre os requisitos o “Posuír a certificación acreditativa de superar un curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva”, por “As administracións educativas poderán considerar como requisito a formación á que se refire o apartado 6 do artigo 135”.

No artigo 135 modifícase a composición da comisión de selección, regulándose no apartado 3 que corresponde ás Administracións educativas determinar o número total de vogais das comisións. Polo menos un terzo dos membros da comisión será profesorado elixido polo claustro e outro terzo será elixido por e entre os membros do consello escolar que non son docentes. Ademais, entre os membros da comisión deberá haber, polo menos, un director ou directora en activo en centros que impartan as mesmas ensinanzas que aquel no que se desenvolve o procedemento de selección, con un ou máis períodos de exercicio con avaliación positiva do traballo desenvolvido.

No apartado 4 do citado artigo 135 non se recolle expresamente determinados méritos obxectivos que figuraban no apartado 3 do mesmo artigo da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e no apartado 5 establécese que a selección realízase valorando especialmente as candidaturas do profesorado do centro.

Ademais, a disposición adicional cuadraxésima cuarta establece que as habilitacións e acreditacións de directores e directoras de centros públicos expedidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei consideráranse equivalentes á certificación acreditativa de ter superado o programa de formación sobre o desenvolvemento da función directiva, indicada no apartado 1 do artigo 135 e no apartado 1 do artigo 136 da propia Lei.



## 2. Necesidade e oportunidade

Como consecuencia do anteriormente exposto, procede derrogar o Decreto 29/2007, do 8 de marzo, e realizar unha nova regulación da selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se axuste ás modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## 3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de decreto foi elaborado como anteproxecto pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos . A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (actual conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) de 29 de marzo de 2021, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico.

No que respecta ao trámite de consulta pública previa, de acordo co establecido no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o órgano propoñente xustifica que resulta prescindible ao tratarse dunha norma de natureza eminentemente organizativa, xa que o seu obxecto límitase á adaptación da normativa autonómica existente na materia logo da modificación realizada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no procedemento de selección e nomeamento das direccións dos centros educativos, polo que está no ámbito de organización de tales centros



docentes, non tendo impacto ningún na actividade económica, non impoñendo obrigas relevantes aos destinatarios e regulando un aspecto parcial da organización dos centros docentes, o que atinxe á selección das súas direccións.

Maniféstase na memoria xustificativa que o anteproxecto de decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, isto é os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, eficiencia, accesibilidade e simplicidade.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de decreto polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o 7 de abril de 2021, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade –emitido o 23 de abril de 2021, e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos –emitido o 28 de maio de 2021–.

De acordo co artigo 42.9 da Lei 16/2010, remitiuse á Consellería de Política Social (actual Consellería de Política Social e Xuventude) unha análise do impacto demográfico do proxecto e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica emitiu informe con data 4 de maio de 2021.

Consta no expediente o certificado emitido o 31 de maio de 2021 pola directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de exposición pública conforme ao artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no que se dá conta de que o texto íntegro do proxecto estivo exposto publicamente no portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 14/04/2021 e o 04/05/2021. No se recibiron suxestións a través do formulario dispoñible no devandito portal.

En relación aos trámites de audiencia e información pública, dado o carácter substancialmente organizativo da presente disposición non resultarían preceptivos, ao abeiro do disposto no artigo 42.6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro. Porén, o proxecto tratouse na Mesa Sectorial Docente



non Universitaria e someteuse ao informe preceptivo do consello Escolar de Galicia, de modo que os grupos ou sectores que poderían ter a consideración de destinatarios da norma terían participado no presente procedemento a través de tales órganos, non resultando, polo tanto, necesario o trámite de audiencia, ao abeiro do disposto no artigo 42.3 da citada Lei 16/2010, do 17 de decembro.

En relación ao anterior, a transparencia da iniciativa normativa garántese mediante o seu tratamento na Mesa Sectorial Docente non Universitaria en sesión celebrada o 13/04/2021 e, a consulta preceptiva ao Consello Escolar de Galicia, de acordo co disposto polo artigo 9.1.a) da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia e o artigo 15.1.a) do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais en sesión do 16/12/2021.

Constan , acta e ditame da xuntanza do Consello Escolar de Galicia, acta da xuntanza da Mesa Sectorial Docente non Universitaria, así como memoria de data 22/12/2021 na que se recollen as propostas feitas polo Consello Escolar de Galicia e memoria de data 19/04/2021 das modificacións introducidas logo da negociación na Mesa Sectorial Docente non Universitaria.

Achegase no expediente informe de data 4/06/2021, na que se recollen ás modificacións ao texto de acordo coas propostas feitas nos informes anteriores.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades emitiu informe o 28 de xullo de 2022.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de decreto polo que se regula a selección, nomeamento e cesamento das direccións dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

